

CONCLUSIÓNS CUESTIONARIO HL 08-09 ALUMNADO

- Total número de alumnos do centro: 285
- Alumnos aos que se lle pasou a enquisa a través do correo electrónico: **119**
- Niveis: (1º, 2º e 4º ESO)
- Aula informática, durante os mes de abril e maio.
- Profesores: Alba Fuentes, Ricardo de la Torre

ASPECTOS VALORADOS COMO POSITIVOS	BASTANTE: (3 ,4, 5) %	ASPECTOS VALORADOS COMO NEGATIVOS OU MELLORABLES	NADA OU CASE NADA:(1,2) %
		1.O tempo dedicado á Hora de lectura de 15 minutos é:	55%
2. O feito de adicarlle un tempo de forma regular á lectura no instituto fai que me habitue a ler.	69%		
3. A HL é unha oportunidade para poder ler o que me gusta.	69%		
4. ¿Consigo concentrarme e aproveitar este tempo?	62%		
5. A entrada das mochilas nas aulas permite descubrir outras lecturas:	69%		
6. ¿Gustaríache que nas aulas específicas houbera unha biblioteca de aula con libros relacionados con cada materia para poder lelos?	72%		
7. A lectura individual permite crear un clima de calma e continuar a sesión da clase de forma máis doada.	77%		
8. Traes de forma habitual o libro de lectura.	75%		
9. ¿O feito de adicarlle un tempo á lectura no instituto de forma regular repercutirá positivamente nos teus estudos.	70%		
		10. A distribución do tempo 3 DÍAS Á SEMANA 15'	8%
		11. ¿Respéctanse os 15 minutos de lectura os tres días á semana? Depende da asignatura	41%
		Procedencia dos libros: casa	57%
13. O número de libros lidos neste curso ata agora é: 4 -10	67%		

CONCLUSIÓNS:

Aspectos mellorables:

- É xeralizada a opinión de que os 15 minutos resultan insuficientes. Esta resposta queda reflectida nos resultados obtidos nas preguntas 1, 10 e 14.
- O tempo adicado a HL resulta irregular na súa aplicación. Entre un 8% que responde que non se fai *nunca* ata un 16% que di *sempre* dase unha franxa intermedia dun 35% *dependendo da asignatura* e un 41% *ás veces*.
- O equipo da Biblioteca deberá buscar outras fórmulas para incentivar o préstamo de libros, pois consideramos que un 35% é insuficiente dado os recursos que neste momento dispón á Biblioteca tanto en cantidade como en calidade. Factores que poden ser unha das causas dun préstamo escaso son a entrada de mochilas nas aulas e o incremento na dotación das *Seccións documentais de aula* que, sen lugar a dúbidas contrarresta o préstamo persoal e individualizado dende a BE.

Aspectos positivos da actividade que garanten a súa permanencia para o vindeiro ano:

- O feito de que sexa xeralizada a opinión de que os quince minutos resultan insuficientes e se pida un aumento en tempo e en días.
- O recoñecemento de que o feito de adicarlle un tempo de forma regular á lectura no instituto favorece o hábito lector e consecuentemente repercutirá nos seus resultados académicos.
- A consideración de que supón unha oportunidade para poder ler o que lles gusta (criterio fundamental no fomento da lectura e no desenvolvemento da competencia da autonomía e iniciativa persoal.)